

Texto: **MIQUEL OBIOLS**

Ilustracións: **ROGER OLMOS**

Tradución: **MIGUEL BARRIOS**

Encadernado en cartón

40 páxinas a toda cor. 22,5x27,5 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "O cadro máis bonito do mundo"
MareMar. ISBN 978-84-8464-674-7
- Castelán: "El cuadro más bonito del mundo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-80-2
- Catalán: "El quadre més bonic del món"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-4-3
- Portugués: "O quadro mais bonito do mundo"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-93-4
- Italiano: "Il quadro più bello del mondo"
Libri per Sognare. ISBN 978-88-95933-12-2

Prezo: 15 €



O CADRO MÁIS BONITO DO MUNDO

Joan Miró tiña encerradas no seu estudio branco cinco manchas de pintura que estivera cazando a semana pasada, disparando tiros de imaxinación e lanzando moitos golpes de enxeño. Eran manchas salvaxes, frescas e con moitas ganas de manchar. As cinco manchas, do amarelo, do azul, do vermello, do negro e do verde, movíanse nerviosas polo estudio.

Esta obra é unha recreación do mundo artístico de Joan Miró a través dunha viaxe imaxinaria que o pintor realiza na procura de cinco manchas de pintura fuxidas do seu estudo. O autor plantexa unha metáfora da arte de Miró nun texto de ton surrealista e cunha gran carga poética, que reborda imaxinación.

O ilustrador adicalle unha persoal homenaxe ao creador catalán, xogando co impacto das cores. Todo o traballo plástico ten moita influencia da linguaxe cinematográfica, na busca da luz e no enxalzamento das perspectivas. Linguaxe plástica e literaria fúndense nesta obra, conseguindo un álbum moi especial para lectores de 9 a 99 anos.

MIQUEL OBIOLS (Roda de Ter, 1945)

Licenciado en Filoloxía Hispánica, exerceu a docencia durante máis de dez anos, ata que en 1977 escribiu a obra titulada "¡Ai Filomena, Filomena!". Dende entón compaxina o mundo da literatura infantil co da televisión. Foi creador e director de espazos infantís e xuvenís como "El planeta imaginario", "Juego de niños", "Pinnic" e "Más o menos, multiplicado o dividido".

Recibiu o Premio da Generalitat de Catalunya, o Premio da Crítica na Feira de Bolonia en 1992, o Premio Ondas Internacional e a Medalla de Bronce (Nova York) polo programa "Pinnic". Algúns dos seus libros foron traducidos a inglés, checo e chinés. Os

seus textos publicáronse editoriais como Juventud, La Galera, Aliorna, SM, Anaya ou Temas de Hoy.

ROGER OLMOS (Barcelona, 1975)

Graduado na Academia de Artes Aplicadas de Llotja/Avinyó. Comezou a súa traxectoria no eido da ilustración con traballos científicos para libros de texto e revistas especializadas. Actualmente adícase á ilustración infantil. En 1999 foi seleccionado para o catálogo Bologna Children Illustration.

O seu primeiro libro ilustrado foi "Tío Lobo", editado por KALANDRAKA no ano 2000. Este álbum recibiu a distinción 'The White Ravens 2002' outorgada pola Internationale Jugend Bibliothek. Ademais de "O cadro máis bonito do mundo" tamén ilustrou "Concerto para animais". Ten colaborado con editoriais como Edelvives, Ediciones B ou Baula.

- **Temática:** pintura, arte
- **Idade recomendada:** a partir de 9 anos
- **Aspectos destacables:** protagonismo da cor, a luz e a paisaxe, fusión da linguaxe plástica e literaria
- **Aplicacións:** escrita creativa, metáforas, vida e obra de Joan Miró

